



Concello de Gondomar

INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Como consecuencia da relación que se establece entre o Concello de Gondomar e vostede en relación cos servizos que desenvolvemos na CONCELLERÍA DE CULTURA, faise necesario solicitarlle os datos persoais identificativos e de contacto, así como, outros que se detallarán posteriormente para formalizar e documentar dita relación, por elo, lle facilitamos a información necesaria e lle solicitamos o seu permiso para o tratamento.

Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?

Razón Social: Concello de Gondomar

CIF:P3602100D

Dirección Postal: Praza Dr. Latino Salgueiro, 1 - 36380 Gondomar (Pontevedra) Teléfono:986.360.125

E-mail de contacto: rexistro@concellodegondomar.gal

Que tipo de datos solicitamos?

O longo do proceso de prestación de servizos que ofrecemos, poderá ser necesario solicitarlles diferentes categorías de datos: Identificativos (nome, NIF, dirección, teléfono, sinatura, foto), tarxeta sanitaria, empadramento, libro de familia, tarxeta demandante emprego, datos características persoais, sociais, académicos ou profesionais.

Con que finalidade trataremos os seus datos persoais?

Os seus datos serán tratados coa finalidade de poder informar, tramitar e realizar actuacións administrativas debidamente en materia de:

Prestación de servizos para dar información e orientación á mocidade e coa finalidade de facilitarlles actividades de ocio e tempo libre, formación, información, actividades culturais, comunicacións, certames e concursos convocados polo Concello (fotografía Val Miñor e Baixo Miño) ,así como, medios para o seu desenvolvemento persoal e establecer comunicación con eles.

Todos eles serán tratados por un equipo de profesionais do Concello de Gondomar suxeitos ás obrigas de segredo profesional e para poderlle prestar os servizos solicitados.

Por canto tempo conservaremos os seus datos persoais?

Os seus datos persoais serán tratados polo Concello de Gondomar o tempo necesario para cumprir coa finalidade pola que se recadaron, para determinar as posibles responsabilidades nadas do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.



Concello de Gondomar

Cal é a lexitimidade para o tratamento dos seus datos persoais?

O tratamento dos seus datos lexitímase no artigo 6.1 e) do RGPD e pola cal o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión a realizar en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ó responsable de tratamento . Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e Ordenanzas Municipais do Concello de Gondomar.

Para poder participar nestes programas faise necesario que nos faciliten datos e informacións propias ou familiares . De non facelo seranos imposible atender as súas necesidades.

Cederemos os seus datos persoais?

Os seus datos e información serán tratados por profesionais cualificados do Concello de Gondomar e en determinadas ocasión poderán ser cedidos e tratados por outras Organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable, Administracións Públicas con competencia na materia, centros educativos e outros órganos da Administración Pública.**No caso de que o tratamento de datos sexan de menores, deberase contar co consentimento do pai e da nai do menor (quen ostente a patria potestade) ou no seu defecto dos representantes legais.**

En caso de que non desexe proseguir en calquera momento co programa deberá comunicárnolo por escrito a efectos de formalizar dita finalización.

Confidencialidade

Todos eses datos serán tratados polo equipo de profesionais do Concello de Gondomar conforme ó deber de segredo e confidencialidade e de acordo á normativa europea e nacional de protección de datos, véxase, Regulamento (UE) 2016/679 e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello de Gondomar está comprometido coa seguridade, a confidencialidade, a integridade dos seus datos e aplicará todas aquelas medidas necesarias para minimizar os riscos derivados do tratamento destes. Ao final deste documento dispón da información básica que poderá ampliar dirixíndose ó Concello en caso necesario.

Que dereitos ten cando nos facilita os seus datos persoais?

Informamos que lles asisten os seguintes dereitos en materia de protección de datos:

Dereito de Acceso: Vostede ten dereito a saber si se están a tratar os seus datos e a recibir esa información por escrito a través do medio solicitado.

Dereito de Rectificación: Vostede ten dereito a solicitar a rectificación dos seus datos se estes fosen inexactos ou incompletos. **Dereito supresión:**



Concello de Gondomar

vostede ten dereito a solicitar a supresión dos seus datos, sen embargo, deberá ter en conta que este dereito queda limitado cando exista a obriga legal de retención ou bloqueo dos seus datos. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a **limitación** do tratamento dos seus datos, no caso no que unicamente os conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamación, a protección de terceiros ou por razón de interese público importante.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa situación particular, vostede poderá **oporse** o tratamento dos seus datos. O responsable deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou defensa de posibles reclamación. Cando o tratamento dos seus datos este baseado no consentimento ou sexa necesario para a execución dun contrato ou precontrato e se efectúe por medios automatizados, vostede terá dereito á **portabilidade** dos seus datos, é dicir, a que se lle entreguen en formato estruturando, de uso común e lectura mecánica, inclusive a remitirlos a un novo responsable. Vostede podería exercer os seus dereitos por medio dunha instancia dirixida ás señas do Responsable de Tratamento. Calquera interesado poderá presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control competente en materia de Protección de Datos, especialmente cando non obtivese satisfacción no exercicio dos seus dereitos e a forma de pórse en contacto con ela sería dirixir un escrito a Axencia Española de Protección de Datos Persoais en c/ Jorge Juan, nº6, 28001 Madrid ou a través da súa sede electrónica www.agpd.es.

Os modelos para solicitar o exercicio dos seus dereitos atópanse no apartado de Políticas de Privacidade/dereitos do noso sitio web, tamén poderá solicitalos por escrito á dirección do responsable e inclusive poderá obtelos na sede electrónica da Autoridade de control en www.agpd.es e deberán ser remitidos á dirección postal ou electrónica do responsable.



Concello de Gondomar

CONSENTIMENTO EXPRESO PARA O TRATAMENTO DOS MEU DATOS

☐ **SI** **AUTORIZO,**

☐ **NON** **AUTORIZO,**

Ao Concello de Gondomar que os meus datos e os datos do meu/miña fillo/a sexan cedidos a outras Administracións Públicas para participar en actividades de ocio, tempo libre, formación, información, certames e concursos.

Ao Concello de Gondomar para que capte e publique as imaxes e vídeos durante o desenvolvemento das actividades organizadas pola OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) e nas que puidera aparecer identificada a miña persoa ou no seu caso o menor indicado, as cales, poderían publicarse na web municipal e nas redes sociais nas que o Concello difunde as súas actividades, concretamente Facebook, Twitter e Youtube, así como, aos medios de comunicación. Esta publicidade ten unha finalidade informativa, educativa e non lucrativa e todos os contidos serán filtrados para respectar en todo momento as estipulacións da Lei Orgánica 1/1982, do 5 maio, sobre protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e toda a lei actualizada de Protección ó menor.

Asino conforme ACEPTO o tratamento dos meus datos nos termos descritos e nos parágrafos anteriores coas finalidades e cesións descritas e con elo tamén me considero informado.

Gondomar, ade.....de 2025

Nome- Apelido	DNI	SINATURA
<i>Nai: Dna.</i>		
<i>Pai-D.</i>		
<i>Nome do Menor:</i>		